

CONVENIO ENTRE A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DO METAL E TECNOLOXÍAS ASOCIADAS DE GALICIA E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA A HABILITACIÓN DO ESPAZO "MINDTECH STARTUP ARENA"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director da Área de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar coa ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración para a habilitación dun espazo para start-ups na feira Mindtech, que se celebrará en Vigo entre o 20 e o 22 de xuño de 2023.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Que o IGAPE é a Axencia de Desenvolvemento Rexional de Galicia, e entre os seus principais obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia establece que o IGAPE será o instrumento esencial da Consellería competente en economía para desenvolver e aplicar as medidas para estimular o emprendemento e a actividade emprendedora, e terá a consideración de entidade instrumental do sector público autonómico con competencias en materia de emprendemento, sendo trala última reestruturación da Xunta o organismos competente en materia de startups

A Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0 ten como un dos seus programas o fomento do emprendemento industrial, pola súa especial dificultade.

Que ASIME é unha Asociación Empresarial galega sin ánimo de lucro, sendo a principal motivación da mesma, a prestación e o beneficio común de tódolos seus asociados. A dita Asociación representa unha forza e capacidade de acción singular dado que agrupa a máis de 600 empresas industriais, sendo que toda actividade ou iniciativa proposta por ASIME conquiere sempre a participación dun volume considerable de empresas.

ASIME, como parte das accións de fomento da actividade e das accións en materia de comercio exterior que forman parte dos seus obxectivos fundacionais, organiza por terceira vez a feira MINDTECH (Metal Industry and Technologies International Trade Fair), con periodicidad bienal, na que estarán presentes as empresas líderes do sector industrial, metalúrxico, metalmecánico e das tecnoloxías asociadas a nivel nacional e internacional. Na feira terase a oportunidade de manter encontros comerciais B2B con outras firmas obxecto de interese.

MINDTECH terá lugar no Instituto Ferial de Vigo (IFEVI) entre os días 20 e 22 de xuño de 2023, en horario de 10.00 a 18:00 horas.

O obxectivo do convenio IGAPE-ASIME de promover o coñecemento e relación das start-ups industriais entre as empresas de primeiro nivel que asistirán á feira concorda especificamente coas actividades habituais das dúas organizacións, que xa teñen colaborado no ámbito do emprendemento en iniciativas como Business Factory Aero. Este acordo de asociación ofrece, polo tanto, a vía única e directa de acadar os obxectivos de promoción industrial buscados, que redundarán nunha maior capacidade de negocio para as start-ups e amplas oportunidades de innovación aberta para as empresas tractoras.

Por outra parte, a colaboración reforzará a feira MINDTECH, cuxa capacidade dinamizadora a longo prazo atraerá máis negocio a Galicia e daralle visibilidade no ámbito internacional como rexión industrial e tecnolóxica.

Tendo en conta estas consideracións, o IGAPE e ASIME levarán a cabo, de forma conxunta, a realización da actividade "Mindtech Startup Arena" creando un espazo específico dentro da MINDTECH 2023, que será un espazo expositivo de iniciativas *startup* industriais cara a mellorar as súas capacidades de negocio e incrementar as oportunidades de innovación aberta das empresas galegas.

Por todo iso, ASIME e o IGAPE están interesados en colaborar para a consecución dos obxectivos comúns nas materias ás que se fai mención nos expositivos precedentes mediante a sinatura dun convenio de colaboración

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela